



Federación Galega de Remo



**XUNTA
DE GALICIA**



Trav. de Gutenberg, 5-1º
Polígono La Grela-Bens
15008 La Coruña
Telf. y Fax: 981-264833
secretaria@fegar.org
<http://fegar.org>

NORMATIVA

CAMPIONATO GALEGO DE YOLAS - 2012

FECHA: 23 de setembro de 2012 (DOMINGO)

A CELEBRAR EN: CASTELO DE SAN FELIPE (FERROL)

ORGANIZAN

Federación Galega de Remo e o Club Remo San Felipe

DIRECCIÓN TÉCNICA

Comité Galego de Xuíces-Árbitros.

MODALIDADE, CATEGORÍA E DISTANCIA

Yolas A4 Con Timonel.- (LARGO DE 250 METROS)

CADETES (M-F) (Nacidos 1996-1997) _____ 1.500 m (5 ciabogas)

XUVENÍS (M-F) (Nacidos 1994-1995) _____ 2.000 m (7 ciabogas)

ABSOLUTOS (M-F) (Nacidos 1993 e antes) _____ 2.000 m (7 ciabogas)

VETERÁNS (M-F) (Nacidos 1982 e antes) _____ 1.000 m (3 ciabogas)

INSCRIPCIÓNS

Os Clubes que deseen participar neste Campionato Galego de Yolas, remitirán as súas Follas de Inscripción a esta Federación, con anterioridade ás 21,00 horas do próximo día 18 de setembro de 2012 (MARTES).

TÓDALAS TRIPULACIÓNS DEBERÁN PRESENTARSE CON EMBARCACIÓN PROPIA.

REUNIÓN DE DELEGADOS

Segundo o número de inscricións, se lles informará o lugar e hora da reunión de delegados, que en principio coincidirá coa reunión de delegados da Regata "XVI Trofeo Internacional de Yolas Cidade de Ferrol", o sábado as 20,00 horas no Hostal Casa Juanito. Significando ós señores delegados, a obrigatoriedade da asistencia, evitando así que se poida dar a súa tripulación por non presentada. Só poderá asistir un delegado por Clube.



HORARIO

O horario de regatas irá en función das inscricións efectuadas.

CLASIFICATORIA PARA O CAMPIONATO DE ESPAÑA DE YOLAS

Como no Campionato de España, poderán participar un máximo de dous tripulacións por Autonomía e Categoría, limitándose a inscrición a unha tripulación por Clube e Categoría, tanto en feminino como en masculino. No caso de non cubrirse o número de tripulacións mínimas por categoría, dous por categoría, non haberá Campeonato Galego nesa Categoría, e poderán acudir tódalas tripulacións inscritas ó CAMPIONATO DE ESPAÑA DE YOLAS.

Na categoría Absoluta, só estará permitida a participación de Xuvenís e Seniors.

Na categoría de Veteráns, ó disputarse o Campionato en categoría única, poderán inscribirse dous tripulacións do mesmo Clube, sempre e cando non sean da mesma categoría de idade.

As tripulacións presentaranse con embarcación propia.

TIMONEIS

Absolutos e Xuvenís: o peso do timonel, de acordo ás normas FISA, está fixado nun mínimo de 55 Kgs para as tripulacións Absoluto e Xuvenil Masculino, e en 50 Kgs para as tripulacións Absoluto e Xuvenil Feminino. Para acadar este peso, o timonel pode dispor dunha sobrecarga máxima de 10 Kgs colocada na embarcación o máis cerca posible del.

Cadetes: sen limitación mínima de peso.

O horario da pesaxe determinarase na reunión de delegados.

INFORMACIÓN ADICIONAL PARA OS VETERÁNS

Ó tratarse de categoría única, ponse en coñecemento dos posibles participantes, que será aplicado o sistema de clasificación por hándicap como en anteriores Campionatos.

Por este motivo, nas inscricións para esta categoría, se farán constar as idades dos participantes, así como a idade media da tripulación e a categoría de ésta na que se inscribe, sen o timonel.

A Coruña, 3 de setembro de 2012